

ORDENANZA FISCAL Número . 29
REGULADORA DA TAXA POLA RETIRADA DE ANIMAIS ABANDONADOS
NAS VÍAS PÚBLICAS

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto 2/2004, Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa pola retirada de animais abandonados das vías públicas.

Artigo 1º.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible a prestación do servizo de retirada de animais abandonados das vías públicas, por razóns sanitarias ou de seguridade pública.

Artigo 2º.- Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que provoquen ou en cuio interés redunden as prestacións a que se refire a presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 3º.- Cota tributaria

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada, dacordo coa seguinte
TARIFA

Pola retirada do animal da vía pública	147,50 €
---	-----------------

Artigo 4º.-Devengo

Devengase a Taxa e nace o obriga de contribuir, cando se inicie a actividade que constitue o feito imponible.

Artigo 5º.- Liquidación e ingreso

1.-As cotas esixibles por esta Taxa se abonarán polo propietario ou titular do animal á empresa prestadora do servizo, con carácter previo á retirada do animal.

2.- En caso de presentarse o propietario do animal nas instalacións donde se atopa unha vez recollido, co fin de facerse cargo do mesmo e negandose ao pago da taxa, a empresa prestadora dos servizos non fará entrega do animal, realizando informe de tal circunstancia e consignando os seguintes datos: Lugar e data de recollida, identificación do animal, nome, apelidos e DNI do propietario e enderezo fiscal. Este informe será remitido ao Departamento de Xestión Tributaria do Concello, co fin de que por este Departamento se emita a liquidación tributaria correspondente.

Unha vez abonada a taxa poderase facer entrega do animal.

3.- En caso de que o animal esté identificado e o propietario do mesmo non se faga cargo de él nos prazos estipulados polo artigo 58.3 da Ordenanza municipal de protección dos animais domésticos do Concello de Oleiros, a empresa prestadora dos servizos realizará informe de tal circunstancia consignando os seguintes datos: Lugar e data de recollida, identificación do animal, nome, apelidos e DNI do propietario e enderezo fiscal. Este informe remitirase ao Departamento de Xestión Tributaria do Concello, co fin de que por éste se tramite a aprobación ds liquidación tributaria que corresponda.

Disposición final.-A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no B.O.P., permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Dilixencia.- Faise constar que a presente Ordenanza foi aprobada provisionalmente polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 30 de setembro do 2010, publicándose o seu texto íntegro no B.O.P Nº 246 de data 28 de decembro do 2010.

Modificacións plenarias:

Por Pleno de data 29 de setembro do 2011 modificouse o artigo 4º, publicándose o seu texto íntegro no BOP Nº 241 de data 21 de decembro do 2011.